

# La Voz de Galicia

## **Bases do sorteo de entradas para visita a Ourense "Vén á cidade das Pontes" (sábado, 24 de novembro de 2018)**

### 1ª.- EMPRESA ORGANIZADORA:

LA VOZ DE GALICIA, S.A., con domicilio social en Ronda de Outeiro, 1-3 baixo, 15006 A Coruña, e con N.I.F. A-15000649.

### 2ª.- ÁMBITO TERRITORIAL:

Toda Galicia excepto a provincia de Ourense.

### 3ª.- SORTEO:

Poderán participar todas aquelas persoas físicas que sexan maiores de idade, que residan en Galicia (agás na provincia de Ourense) e que cumplan os requisitos que se indican a continuación na descrición da mecánica do sorteo.

Os interesados en participar deberán chamar ao número de teléfono 900 154 218 (número gratuito de atención ao subscritor) antes do 14 de novembro de 2018 ás 11 horas, identificarse con seu nome, apelidos e número de documento de identificación e indicar que desexan participar no sorteo, facilitando asimismo un número de teléfono de contacto e a localidade dende a que chaman por se resultasen gañadores. O horario do devandito teléfono de atención ao subscritor, no que se deberán efectuar as chamadas, será de 09:00 a 21:00 horas de luns a venres e de 09:00 a 14:00 horas os sábados e domingos.

Todos os lectores que realicen a chamada a que se refire o parágrafo anterior entre o 10 de novembro de 2018 ás 9:00 horas e o 14 de novembro de 2018 ás 11 horas pasarán a participar de forma automática no sorteo, tendo dereito a unha oportunidade para gañar un dos premios deste sorteo.

O 14 de novembro de 2018 ás 12 horas realizarase o sorteo entre os participantes nas instalacións de La Voz de Galicia sitas en Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), de forma automática mediante un procedemento informático. A estes efectos, a aplicación que xestiona o sorteo seleccionará de forma aleatoria 10 gañadores, un para cada un dos premios descritos na Base 4ª seguinte, e 5 reservas.

### 4ª.- PREMIO:

Sortearanse un total de dez (10) premios por cortesía do Concello de Ourense e La Voz de Galicia, consistente cada un dos premios nunha viaxe para dúas persoas para visitar Ourense o 24 de novembro de 2018 entre as 11:00 e as 19:00 horas, incluíndo: o desprazamento en tren a Ourense (billetes de tren para dúas persoas de ida e volta dende a estación de tren que lle indique La Voz de Galicia – que intentará que sexa a máis próxima posible ao domicilio do premiado), un percorrido guiado pola cidade de Ourense, comida para dúas persoas no restaurante Tizar, entrada ás Termas de Outariz para dúas persoas, e o desprazamento en autobús durante toda a visita.

Os gañadores non poderán solicitar a conversión do seu premio a diñeiro nin a substitución por outro premio. Os gañadores deberán recoller persoalmente os billetes de tren no despacho de billetes da estación de tren indicada por La Voz de Galicia, o 24 de novembro de 2018, desde 20 minutos antes da hora de saída do tren. Para realizar a recollida deberán identificarse co seu Documento Nacional de Identidade ou outro documento de identificación oficial.

# La Voz de Galicia

Non poderán participar no sorteo os empregados das empresas que compoñen a Corporación Voz de Galicia, nin tampouco os seus cónxuxes nen parentes en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

## 5ª.- DETERMINACIÓN DOS GAÑADORES DO SORTEO:

Os premios sortearanse o 14 de novembro de 2018 ás 12 horas a través da aplicación informática que xestiona o sorteo. Dita aplicación seleccionará, de forma aleatoria, os gañadores (10) de cada un dos premios do sorteo, e cinco (5) persoas de reserva (as cales, por orde de selección, funcionarán como suplentes para o caso de que calquera dos gañadores do sorteo renuncie ou perda o dereito ao premio).

## 6ª.- COMUNICACIÓN AOS GAÑADORES:

La Voz de Galicia porase en contacto con cada un dos gañadores dos premios a través do número de teléfono que sinalaran como teléfono de contacto ao solicitar a participación. Nese momento, o gañador deberá comunicar se acepta ou rexeita o premio. Realizaranse tres intentos sucesivos para contactar con cada gañador no intervalo dunha hora. Se realizado o terceiro intento non fora posible contactar co premiado, este perderá o dereito a gozar do premio, procedéndose á súa adxudicación e comunicación ao reserva que corresponda (por orde de selección no sorteo), seguindo o mesmo procedemento. No caso de que os reservas renunciasesen ou perdesen o dereito ao premio, ou xa non houbera reservas dispoñibles para un determinado premio, este quedaría deserto.

La Voz de Galicia poderá dar a coñecer o nome dos gañadores do sorteo no periódico La Voz de Galicia, na páxina web [www.lavozdeg Galicia.es](http://www.lavozdeg Galicia.es), na páxina web de Prensa Escuela <http://www.prensaescuela.es/> así como noutros medios ou soportes que estime oportunos.

La Voz de Galicia poderá requirir a presenza dos premiados co obxecto de celebrar actos, simbólicos ou non, de entrega dos premios, actos que serán cubertos informativamente por La Voz de Galicia incluíndo fotografías dos mesmos. Os dereitos de propiedade intelectual e de imaxen sobre as fotografías que da entrega e disfrute dos premios realice La Voz de Galicia, pasarán a ser titularidade desta sociedade (que poderá usalas nas súas actividades editoriais e de marketing).

## 7ª.- ACEPTACIÓN DAS BASES:

Os participantes no sorteo, polo feito de participar, aceptan as presentes bases, así como as decisións que puidese adoptar La Voz de Galicia a efectos da interpretación ou resolución de cuestións non recollidas nelas.

Calquera dúbida será resolta por La Voz de Galicia.

La Voz de Galicia resérvase o dereito a modificar, por causas xustificadas, as datas e horarios establecidos nas presentes bases.

A non aceptación destas bases supón a perda do dereito ao premio.

## 8ª.- POLÍTICA DE PRIVACIDADE:

Infórmase de que o responsable do tratamento dos datos dos participantes no sorteo é La Voz de Galicia, S.A., con dirección postal en Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A

# La Voz de Galicia

Coruña), teléfono: 981180180\* e correo electrónico: [lopd@lavo.es](mailto:lopd@lavo.es). La Voz de Galicia ten designado un Delegado de Protección de datos, con correo electrónico: [dpo@lavo.es](mailto:dpo@lavo.es).

Para a participación no sorteo os participantes deberán aportar os datos referidos na Base 3ª anterior. Estes datos son necesarios para a participación; en caso de non aportalos non poderemos atender a solicitude. La Voz de Galicia tratará os datos dos participantes para a xestión e organización do sorteo, sendo a base legal para o tratamento destes datos a execución da relación contractual cos interesados.

O nome e imaxe dos gañadores poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións que poida levar a cabo La Voz de Galicia, sempre que a comunicación pública estea relacionada coa súa participación no sorteo.

Salvando a publicación dos datos dos gañadores arriba sinalada, non se realizarán cesións de datos persoais a terceiros, excepto en caso de que exista unha obriga legal. Asemesmo poderán ter acceso a datos persoais os provedores (encargados do tratamento) de La Voz de Galicia que necesiten acceder a datos para a prestación de servizos contratada que, a título enunciativo e non limitativo, prestan servizos nos sectores de servizos administrativos, distribución de correos electrónicos, call center, e servizos de marketing; os provedores utilizarán os datos unicamente para a prestación do servizo e conforme ás instrucións de La Voz de Galicia. Pode pedir máis información a través de [lopd@lavo.es](mailto:lopd@lavo.es).

Os datos conservaranse mentres sexan necesarios, en cada caso, para os fins para os que se recabaron, e durante os prazos de prescrición previstos.

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e, no seu caso, portabilidade dos seus datos persoais, así como de oposición e limitación ao tratamento dos seus datos, dirixíndose a La Voz de Galicia a través da dirección de correo electrónico [lopd@lavo.es](mailto:lopd@lavo.es), ou na seguinte dirección: La Voz de Galicia, S.A. – Protección de datos, Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), indicando os detalles correspondentes á súa solicitude e acreditando debidamente a súa identidade.

Infórmase asemesmo aos interesados de que teñen dereito a obter información sobre o exercicio dos seus dereitos e/ou presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

## 9ª.- OUTROS:

9.1. La Voz de Galicia fai constar que para a xestión da presente acción empregará medios cuxa titularidade e control corresponden a terceiros. La Voz de Galicia non se responsabiliza das incidencias que puideran producirse no desenvolvemento da acción polo uso dos medios a través dos cales se xestiona a mesma, ou con carácter xeral por situacións que escapen ao seu control. Non obstante, La Voz de Galicia comprométese a comunicar aos usuarios e participantes na acción calquera posible incidencia da que teña coñecemento á maior brevidade posible a través dos medios que considere oportunos en cada caso. Asimesmo, La Voz de Galicia manifesta que adoptou todas as medidas necesarias dentro das súas posibilidades para asegurar o adecuado desenvolvemento da acción.

9.2. Os participantes son responsables da veracidade dos datos facilitados a La Voz de Galicia para a súa participación nesta acción, e do cumprimento dos requisitos establecidos na mesma.